



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 13 DE NOVEMBRO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trinta minutos do día trece de novembro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

D. Miguel A. Español Otero

D^a. Montserrat Magallanes Alvarez

D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

D^a. Teresa Vicente Baz

D. Paulino Rodríguez Gonzalez

Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (ACTA DE 30.10.2017).

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o pasado día 30 de outubro de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada por unanimidade.

PUNTO 2.- EXPTE. 1103/2017.- PROCEDIMENTOS ORDINARIOS SOBRE O RECOÑECIMENTO DE DEREITOS DOS GES.

Dase conta do informe do asesor xurídico do Concello comunicando a sentenza ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de fecha 27-10-2017 no recurso de suplicación n.º 2472/17 entablado por D. AGUSTIN CIBEIRA DOBARRO contra a sentenza do Xulgado do Social n.º 1 de Vigo o 17 de febreiro de 2017 nos autos n.º 856/2016 entablados por D. AGUSTIN CIBEIRA DOBARRO sobre recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza.

PUNTO 3.- EXPTE. 1946/2017.- BONIFICACIÓN DE TAXAS MUNICIPAIS

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

RE n.º 4507 de data 18 Agosto 2017, instancia presentada por D/D^a I.G.D., domicilio en R/ Julián López, 13, 2º C, 36780 A Guarda

Asunto: Solicitud de bonificación na cota da taxa de auga do inmovible situado en R/ Julián López, 13, 2º C por ter a condición de familia numerosa.

Vista a instancia presentada por D/D^a I.G.D., examinada a documentación aportada e tendo en conta que:

A ordenanza fiscal reguladora dos servizos de distribución de auga no seu artigo 7 apartado B).1



Concello A Guarda

regula que: “ os suxeitos pasivos que gocen de condición de familia numerosa de calquera categoría, terán dereito a unha bonificación que consistirá en aplicarles ós m³ de exceso (se os houberse) a tarifa reducida aplicable ós m³ considerados de consumo mínimo”.

Así mesmo, o mesmo artigo no seu apartado 2 establece que “As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:

- libro familia
- presentación do título oficial certificativo da condición de familia numerosa
- fotocopia do DNI

E no artigo 3 pon de manifesto que “a bonificación afectará á vivenda habitual do suxeito pasivo e extenderá os seus efectos por periodos dun ano, transcorrido o cal, o interesado renovará a súa solicitude, debendo acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos de conformidade co disposto no apartado 2 deste artigo.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, terán a obriga de presentar declaración de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen prexuízo das revisións que ó efecto se leven a cabo polo concello.

Tanto as solicitudes da bonificación, como as comunicacións de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, surtirán efectos:

- no trimestre seguinte: en caso de entrada no rexistro na primeira metade do trimestre natural.
 - no segundo trimestre posterior: en caso de entrada no rexistro na segunda metade do trimestre natural.
- Por outro lado a mesma ordenanza identifica como suxeito pasivo da Taxa “as persoas físicas e xurídicas que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario”.

O solicitante aporta os documentos esixidos no apartado 2 da ordenanza para Concello A Guardabeneficiarse da bonificación arriba descrita na taxa de auga.

Por todo o exposto:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN/INFORME:

PRIMEIRO: FAVORABLEMENTE á solicitude de bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible R/ Julián López, 13, 2º C (número de aboado 376925) para o 1º trimestre do 2018.

SEGUNDO: informar o solicitante que a dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre do 2018, incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que foi transcrita

PUNTO 4.- EXPTE. 2384/2017.- SOLICITUDE DE SUBVENCIONS PARA ENTIDADES LOCAIS.

PROPOSTA DE ALCALDIA

Vistas as bases reguladoras do Plan Concellos 2016 Liña 1 Inxerimentos.

Visto o punto Décimo sétimo das bases do Plan Concellos 2016 onde di “*De producirse baixas na*



Concello A Guarda

adxudicación dos contratos co concello beneficiario deberallo comunicar á Deputación Antes da súa aplicación. A existencia e importe da baixa determinarase coa certificación final. A baixa poderá aplicarse en calquera investimento, con independencia do seu importe”.

Téndose producido as seguintes baixas nas xustificacións:

Obras/servizo	Sobrante
Adquisición Varredora	726,00
Mobiliario Urban	1.224,98
Castelo Sta Cruz, audiovisuais e equipamento para o centro de interpretación	221,57
Instalación ascensor na Praza de Abastos	4.050,00
Mobiliario casa dos Alonsos	1.802,87
Parque da Alameda	175,83
Rehabilitación e construción Mirador	2.253,40
TOTAL	10.454,65

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- SOLICITAR a aplicación da baixa para as seguintes investimentos A aplicación destas baixa para a obra “ELIMINACIÓN BARREIRAS_ARQUITECTONICAS NO AUDITORIO DE SAN BENITO” por un importe de 11.669,13€.

2.- Aprobar o proxecto “ELIMINACIÓN BARREIRAS ARQUITECTONICAS_NO AUDITORIO DE SAN BENITO” redactado por D. Hermelindo Martínez González por un importe de 11.669,13euros.

3.- Asumir o compromiso de que calquera alteración no execución da obra principal que conleve un incremento no prezo será asumida polo Concello da Guarda.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita

PUNTO 5.- EXPTE. 2346/2017.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CON CARGO A LIBRE CONCURRENCIA

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 2 novembro do 2017, Dna. M.^a F.R.G. presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.



Concello A Guarda

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a M.^a F.R.G con cargo a libre concurrencia

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita

PUNTO 6.- EXPTE. 1947/2017.- BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DoS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA.

INFORMA:

Que examinado o expediente presentado para a solicitude de bonificación nas taxas municipais a nome do solicitante V.S.J. con vivenda situada na R/ Lagartosa , 2, baixo B da Guarda,

De acordo cas bases da Ordenanza Municipais publicadas no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000, considérase que tras revisar a documentación presentada e valorando a situación persoal dos interesados que:

Segundo a documentación presentada, cumpre con tódolos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.- Proponse resolución favorable á solicitude de bonificación nas taxas municipais a nome do solicitante V.S.J. con vivenda situada na R/ Lagartosa , 2, baixo B da Guarda,

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita

PUNTO 7.- EXPTE. 2074/2017.- BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DE AUGA POR CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

RE n.º 5031 de data 04 outubro 2017, instancia presentada por D/D^a J.V.G. e domicilio en R/ Buxanlaxes, 9, 36780 A Guarda

Asunto: Solicitude de bonificación na ctoa da taxa de auga do inmovible situado en R/ Buxanlaxes, 9 por ter a condición de familia numerosa.

Vista a instancia presentada por D/D^a J.V.G., examinada a documentación aportada e tendo en conta que:

A ordenanza fiscal reguladora dos servizos de distribución de auga no seu artigo 7 apartado B).1 regula que: “ os suxeitos pasivos que gocen de condición de familia numerosa de calquera categoría,



Concello A Guarda

terán dereito a unha bonificación que consistirá en aplicarlles ós m³ de exceso (se os houbese) a tarifa reducida aplicable ós m³ considerados de consumo mínimo”.

Así mesmo, o mesmo artigo no seu apartado 2 establece que “As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:

- libro familia
- presentación do título oficial certificativo da condición de familia numerosa
- fotocopia do DNI

E no artigo 3 pon de manifesto que “a bonificación afectará á vivenda habitual do suxeito pasivo e extenderá os seus efectos por periodos dun ano, transcorrido o cal, o interesado renovará a súa solicitude, debendo acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos de conformidade co disposto no apartado 2 deste artigo.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, terán a obriga de presentar declaración de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen prexuízo das revisións que ó efecto se leven a cabo polo concello.

Tanto as solicitudes da bonificación, como as comunicacións de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, surtirán efectos:

- no trimestre seguinte: en caso de entrada no rexistro na primeira metade do trimestre natural.
- no segundo trimestre posterior: en caso de entrada no rexistro na segunda metade do trimestre natural.

Por outro lado a mesma ordenanza identifica como suxeito pasivo da Taxa “as persoas físicas e xurídicas que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario”.

O solicitante aporta os documentos esixidos no apartado 2 da ordenanza para Concello A Guarda beneficiarse da bonificación arriba descrita na taxa de auga.

Por todo o exposto:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN/INFORME:

PRIMEIRO: FAVORABLEMENTE á solicitude de bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible Buxan Laxes, 9, baixo (número de aboado 273611) para o 1º trimestre do 2018.

SEGUNDO: informar o solicitante que a dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre do 2018, incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 8.- EXPTE. 2010/2017.- BONIFICACIÓN TAXAS MUNICIPAIS.

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DE AUGA POR CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

RE n.º 4914 de data 26 setembro 2017, instancia presentada por D/Dª R.A.A con domicilio en R/



Concello A Guarda

Castiñeira, 7, 36780 A Guarda

Asunto: Solicitud de bonificación na ctoa da taxa de auga do inmovible situado en R/ Castiñeira, 7 por ter a condición de familia numerosa.

Vista a instancia presentada por D/D^a R.A.A., examinada a documentación aportada e tendo en conta que:

A ordenanza fiscal reguladora dos servizos de distribución de auga no seu artigo 7 apartado B).1 regula que: “ os suxeitos pasivos que gocen de condición de familia numerosa de calquera categoría, terán dereito a unha bonificación que consistirá en aplicarles ós m³ de exceso (se os houbese) a tarifa reducida aplicable ós m³ considerados de consumo mínimo”.

Así mesmo, o mesmo artigo no seu apartado 2 establece que “As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:

- libro familia
- presentación do título oficial certificativo da condición de familia numerosa
- fotocopia do DNI

E no artigo 3 pon de manifesto que “a bonificación afectará á vivenda habitual do suxeito pasivo e extenderá os seus efectos por periodos dun ano, transcorrido o cal, o interesado renovará a súa solicitude, debendo acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos de conformidade co disposto no apartado 2 deste artigo.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, terán a obriga de presentar declaración da variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen prexuízo das revisións que ó efecto se leven a cabo polo concello.

Tanto as solicitudes da bonificación, como as comunicacións de variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, surtirán efectos:

- no trimestre seguinte: en caso de entrada no rexistro na primeira metade do trimestre natural.
 - no segundo trimestre posterior: en caso de entrada no rexistro na segunda metade do trimestre natural.
- Por outro lado a mesma ordenanza identifica como suxeito pasivo da Taxa “as persoas físicas e xurídicas que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario”.

O solicitante aporta os documentos esixidos no apartado 2 da ordenanza para beneficiarse da bonificación arriba descrita na taxa de auga.

Por todo o exposto:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN/INFORME:

PRIMEIRO: FAVORABLEMENTE á solicitude de bonificación por familia numerosa na taxa de auga do recibo do inmovible Castiñeira, 7(número de aboado 539471) para o 1º trimestre do 2018.

SEGUNDO: informar o solicitante que a dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre do 2018, incluído, debendo volver a realizar a solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.



Concello A Guarda

PUNTO 9.- EXPTE. 2396/2017.- CONTROL DE RECURSO XUDICIAL

Dase conta do informe do Asesor xurídico municipal comunicando o auto ditado o 11 de outubro de 2017 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 7812/12 entablado por GENEROSO AMEAL PACHECO contra a resolución presunta do Concello de A Guarda e da Xunta de Galicia desestimatorias das reclamacións de responsabilidade patrimonial presentadas polo demandante pola anulación de licencia de obras para vivenda unifamiliar na suma de 944.706,12 € máis intereses.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica do 11 de outubro e acorda dar traslado da mesma á Alcaldía propoñéndolle que o personamento do Concello de A Guarda ante o Tribunal Supremo designando ó efecto a Carlos Potel Alvarellos como Letrado e a Enrique Auberson Quintana-Lacaci, como Procurador.

PUNTO 10.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: RC-3.792/2017.- D. ENRIQUE DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, PARA REPARAR A TERRAZA NUNHA SUPERFICIE DE 42,00 M². CONSISTENTE EN PICADO DE PLAQUETAS, IMPERMEABILIZACIÓN CON POLIBREAL APLICADO EN QUENTE SOBRE FORXADO E COLOCACIÓN DE PLAQUETA CON CEMENTO COLA REXUNTADA E REMATADA NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO PASEO DE PORTUGAL Nº. 115, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O PASAXE” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.776/2017.- D. ANTONIO ALBERTO CASTRO LOMBA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 133,90 M². CONSISTENTE NA DEMOLICIÓN DA CUBERTA E FORMACIÓN DUNHA NOVA A BASE DE PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CERÁMICA CURVA DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN N.º 10

EXPEDIENTE: 1.780/2017.- D^a. GLENDA MARGARITA GONZÁLEZ MARTÍNEZ, PARA REPARAR DESCONCHOS EN PLANTA BAIXA DA FACHADA DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE OLIVA N.º 76, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.797/2017.- D. ELOY FAJAR ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 80,10 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR URALITA E TELLA CERÁMICA CURVA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE DIEGO ANTONIO GONZÁLEZ N.º 53, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “SAN ROQUE” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º 9 DO P.X.O.U.).

EXPTE: 1.799/2017.- D. EDELMIRO RODRIGUEZ LOMBA, PARA APERTURA DE OCO PARA INSTALACIÓN DUNHA PORTA BALCONEIRA COLOCANDO UNHA SOLEIRA DE 35 CMS E CAMBIAR OS LATERAIS NO PISO 2º DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DA RODA, N.º 67, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º 1 DO PXOU)

EXPEDIENTE: 1.489/2017.- D^a. JOSEFINA MARTÍNEZ MARTÍNEZ, PARA REPARAR O TELLADO DE URALITA NUNHA SUPERFICIE DE 234,10 M². DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 65, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.805/2017.- D. VICTORIANO PÉREZ DA ALDEA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 95,65 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA EXISTENTE POR OUTRA NOVA DO PAIS NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE SAA N.º 8, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS”



Concello A Guarda

(ORDENANZA N.º 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.097/2017.- D. MANUEL ÁNGEL ROCHA RODRÍGUEZ, PARA PECHE PARCIAL DE FINCA (PARCELA N.º. 277-POLÍGONO N.º. 27) REALIZADO CON MURO DE FORMIGÓN DE 0,50 MTS. DE ALTO E PINTADO DO MESMO E COLOCACIÓN DE REDE METÁLICA ATA UNHA ALTURA MÁXIMA DE 1,80 MTS. SITO NA RÚA DE 1º TRV. LONGRA, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.078/2017.- D. PEDRO JOSÉ ÁLVAREZ LORENZO, PARA ACONDICIONAMENTO DO LOCAL DENOMINADO “LA LUNA” PARA ACTUALIZAR A DECORACIÓN, DESPRAZAR A BARRA Ó FONDO, ACTUALIZAR BAÑO, PINTADO DE LOCAL, COLOCACIÓN DE MOBILIARIO NOVO E OUTROS ELEMENTOS DECORATIVOS SITO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO N.º. 24-BAXIO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1901/2017.- D^a. MARÍA LUISA MARTIN RODRÍGUEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 72,00 M². CONSISTENTE NA LIMPEZA E COLOCACIÓN DA TELLA ACTUAL E REPOSICIÓN DE PUNTÓN DE MADEIRA EN MAL ESTADO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE GALICIA N.º. 28, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

EXPTE: 427/2017.- D^a. M.^a DE LOS ÁNGELES FRANCO RODRÍGUEZ, PARA PICADO DE PISO DE TERRAZA E COLOCACIÓN DE PLAQUETA NOVA E RETIRADA DE SOFÁ DE OBRA DO SALÓN, CHIMENEA E REPARAR PAREDES E POSTERIOR PINTADO DO APARTAMENTO SITO NA RÚA URBANIZACIÓN DO RÍO MIÑO BLOQUE 6, ESCALEIRA 5 -2ºB (S.U.P. N.º 5 DO PXOU)

PUNTO 11.- OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

EXPTE. 2193/2017.-OCUPACIÓN DOMINIO PÚBLICO SUMINISTRO BT FENOSA NETOS 10 N SGD 248117010168

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. E-RE-697 de data 21 de setembro de 2017, a instancia de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con C.I.F. n.º. A-63.222.533 e con domicilio na rúa de Travesía de Vigo n.º. 204 (36204-Vigo) representado por D. Fernando Val López con D.N.I. n.º. 02.603.475-J, quen solicita autorización de ocupación de dominio público durante a execución da obra de “canalización subterránea de 39,00 mts. de lonxitude e instalación dunha arqueta de acceso a rede para suministro eléctrico en baixa tensión de 5,75 kw.” a vivenda unifamiliar sita na rúa de Netos n.º. 10, en Solo non urbanizable de núcleo rural de “Cividáns” da parroquia de Salcidos (ordenanza n.º. 9 do P.X.O.U.).

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente, acorda autorizar a concesión da licenza de ocupación de dominio público municipal sobre o subsolo público municipal para a realización da “canalización subterránea de 39,00 mts. de lonxitude” por un prazo de 15 anos, así como para ocupar o dominio público do solo municipal onde vai realizarse a obra solicitada e polo tempo preciso para ela, impoñendo as condicións do informe técnico.

EXPTE. 1201/2017.- OCUPACIÓN DOMINIO PÚBLICO PRAZA DO RELÓ, N.º 5

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 4.061 de data 23 de xuño de 2016, a instancia de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con C.I.F. n.º. A-63.222.533 e con domicilio na rúa de Travesía de Vigo n.º. 204 (36204-Vigo) representado por D.Fernando Val López con D.N.I. n.º.



Concello A Guarda

02.603.475-J, quen solicita autorización de ocupación de dominio público durante a execución da obra de **“canalización subterránea de 76,00 mts. de lonxitude e realización de 2 calas de acceso a rede para instalar liña de baixa tensión de suministro eléctrico de 86,6 kw. o novo local destinado a actividades municipais”** sito na praza do Reló n.º 5 n.º 10, en Solo Urbano.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente, acorda autorizar a concesión da licenza de ocupación de dominio público municipal sobre o subsolo público municipal para a realización da canalización da liña de baixa tensión en 76 ml. por un prazo de 15 anos, así como para ocupar o dominio público do solo municipal onde vai realizarse a obra solicitada e polo tempo preciso para ela, impondo as condicións do informe técnico.

PUNTO 12.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Pásase a dar conta da instancia con Rexistro de Entrada n.º RE-922 de data 30 de outubro de 2017, presentada por D. Juan Antonio González Barbosa en representación de Francisco Silva Villa, solicitando a aprobación do proxecto de execución da obra de ampliación do cemiterio de Salcidos.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros acorda aprobar o proxecto de execución da obra de ampliación do cemiterio de Salcidos.

PUNTO 13.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS

A Xunta de Goberno Local da conta dase seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: RC-3.497/2017.- D. RAMÓN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE AUTOSERVIZO DE LAVANDERÍA SITO NA RÚA DE GALICIA Nº. 20-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 14.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de licenzas de apertura:

Exp. Nº 2.143/2017 de data 13.10.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. RAMÓN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, con enderezo en Barrio do Cruceiro, n.º 11B – Currás de Tomiño, para inicio de actividade de AUTOSERVIZO DE LAVANDERÍA (Epig. 969.7) no local sito na rúa Canónigo Domínguez Fontenla, n.º 1-baixo, e visto o informe favorable de data 26 de outubro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. RAMÓN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ licenza municipal nº 26/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de AUTOSERVIZO DE LAVANDERÍA (Epig. 969.7) no local sito na rúa Canónigo Domínguez Fontenla, n.º 1-baixo da Guarda.

Exp. Nº 2.072/2017 de data 02.10.2017.-

Vista a comunicación previa feita por Dª. LUCÍA GONZÁLEZ VICENTE, con enderezo en Rúa do Porto, n.º 1-2º de A Guarda, para inicio de actividade de PERSOAL DOCENTE ENSINANZAS DIVERSAS (Epig. 826.2) no local sito na rúa do Porto, n.º 1-2º, e visto o informe favorable de data 31 de outubro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:



Concello A Guarda

Conceder a D^a. LUCÍA GONZÁLEZ VICENTE licencia municipal nº 27/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de PERSOAL DOCENTE ENSINANZAS DIVERSAS (Epig. 826.2) no local sito na rúa do Porto, n.º 1-2º da Guarda.

PUNTO 15.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULAR DE LICENZAS DE APERTURA.

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 2.141/2017 (RC-5.241 DE 17.10.2017). ANDRÉS ESTEVEZ SOBRINO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE OUTROS SERVIZOS AUXILIARES DE SEGUROS [EPIG. 832.9] A REALIZAR NA RÚA PACÍFICO RODRÍGUEZ, N.º 8-BAIXO (LOCAL 2), QUE ANTES FIGURABA A NOME DE ANSOSER AGUARDA 2017, S.L.U..

PUNTO 16.- ASUNTOS VARIOS.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar, e sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día da data o sr. Presidente da por rematada a sesión da que eu como presidente dou fe.